

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 28/03/2019, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **28/03/2019** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 14 de Marzo de 2019 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

A MARÍA ROSARIO DOMÍNGUEZ RIVERA, veciña de Fisterra, para proceder ás obras de Rehabilitación dunha Edificación Tradicional para Dúas Vivendas e Local sen uso, Referencia Catastral 8609608MH7580N0001FT, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico e Anexo do mesmo sen visar redactados polo Arquitecto F. Ramón García Martínez de datas Outubro de 2018 e Novembro de 2018 respectivamente, así como á autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia en Resolución de data 21/03/2019 que consta no expediente e do que se lle dará traslado á interesada; condicionada a que :

- **As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente proxecto de execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudo de seguridade e saúde, e sen obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.**
- **O Proxecto de Execución que se presente deberá xustificar o cumprimento de todas as condicións que foron impostas na autorización concedida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ó Proxecto Básico.**
- **Condicionarase a autorización para o inicio das obras ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.**
- **Restableceranse ao seu estado orixinal as rúas e as beirarrúas que resultasen danadas coas obras, a conta do promotor.**
- **Conectarase pola súa conta e cargo aos servizos públicos existentes.**
- **As obras de acometida á rede de servizo municipais de abastecemento de auga se terán que executar coas seguintes condicións:**
 - a.- **Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras (mediante escrito por Rexistro de Entrada) para que deste xeito a empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade o lugar no que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.**

b.- A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable, machón de bronce e válvula de cuadrillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta). Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra”, e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. A interesada comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• Queda concedida Licenza para levar a cabo as obras de Acometida á rede de servizo municipais de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descorrerá o máis recto posible, non permitíndose curvas nin cambios de dirección sen arqueta ou pozo de rexistro correspondente.

d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante, farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando ésta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, disporase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretornos.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. A interesada comunicarse coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- o EXPEDIENTE : 2018/U022/000017
- o LICENZA URBANÍSTICA : Xunta de Goberno Local de 28 de Marzo de 2019
- o ORDENANZA DE APLICACIÓN : Transistoria do Casco Histórico de Fisterra.-
- o PROMOTORA : MARÍA ROSARIO DOMÍNGUEZ RIVERA
- o CONSTRUTOR : -----
- o DIRECTOR DE OBRA : F. Ramón García Martínez , Arquitecto.
- o DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL : José Baliña Romero, Arquitecto Técnico.
- o NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : B + 2
- o USO : Vivenda Unifamiliar e Local sen uso en planta baixa

O cartel sera un taboleiro hidrofugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de Mil oitocentos euros con dez céntimos (1.800,10 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material.

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MANUEL PAZOS LADO, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 747 de 27/03/2019) para proceder á realización de obras consistentes no pintado das fachadas dunha edificación con Referencia Catastral 8309113MH7580N0001DT.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PEPE DE MARÍA, con CIF H-70352695 e domicilio na Avenida Anchoa, 65 de Escaselas deste Termo Municipal (Rexistro de Entrada 714 de 21/03/2019) para proceder á realización de obras consistentes no lavado, tapado de gretas e pintado da fachada dunha edificación Referencia Catastral 8625405MH7582N0005PB.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 21 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JOSÉ MARIO PAZ MARTÍNEZ, veciño de Fisterra (Rexistro de Entrada 656 de 14/03/2019) para proceder á realización de obras consistentes na substitución da plaqueta e azulexo existentes, pezas sanitarias do baño e pintado interior dunha vivenda (Referencia Catastral 8803408MH7580S0005PJ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

-Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SAU, con CIF A-15474281 e domicilio social na Rúa Real, 85 de A Coruña (Rexistro de Entrada 486 de 22/02/2019) para proceder á realización de obras consistentes na canalización subterránea proxectada de 10 metros para comunicacións electrónicas a emprazar na Rúa Mixirica desta Vila Fisterra; condicionada a:

-Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

-Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

-Repoñerase ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais.

-Presentarase Aval Bancario por importe de siscentos euros (600,00 €) en concepto da reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades :

-Un euro con catro céntimos (1,04 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-Sete euros con sesenta céntimos (7,60 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Marzo de 2019, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia.-

B) Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES, SAU, con CIF A-15474281 e domicilio social na Rúa Real, 85 de A Coruña (R.E. 20189990000043 de data 7/11/2018), para proceder á realización de obras consistentes na apertura de gabia co motivo da7 reparación de tubo de telecomunicacións a emprazar na Rúa Real, 2 desta Vila Fisterra e presentada comunicación con data 21 de Marzo de 2019 desistindo da petición por motivos técnicos; a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda deixala sen efecto.

TRANSMISIBILIDADE DE LICENZA

Á vista da comunicación escrita efectuada por parte de JOSÉ MIGUEL INSUA TRABA, veciño de Fisterra, co Rexistro Xeral de Entrada 762 de data 28 de Marzo de 2019 sobre Transmisibilidade da Licencia Urbanística outorgada pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 27 de Decembro de 2018 en

favor de LUIS LOJO MOAR para Construción dunha Vivenda Unifamiliar Illada de Planta Baixa a emprazar nunha parcela (B) sita en San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal (Referencia Catastral 15038A502011320000DH) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto Básico de data Novembro de 2018 redactado polo Arquitecto Xoán B. Alborés Tajés que consta no expediente, baixo os seguintes condicionantes :

- **As obras non se poderán iniciar sen presentar previamente Proxecto de Execución debidamente visado polo Colexio Profesional correspondente por aplicación do artigo 2 do Real Decreto 100/2010, de 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio, estudio de seguridade e saúde e obter previamente a autorización municipal para o seu comezo.**

- **Queda condicionada a autorización para o inicio das obras, ao cumprimento do disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder iniciar a execución das obras do edificio inscribir no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto. O inicio das obras deberá comunicarse ó Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016 deo 10 de Febreiro do Solo de Galicia.**

- **O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.**

- **Co fin de garantir a reposición do firme da beirarrúa e calzada para a conexión coas redes de abastecemento e saneamento público deberase presentar aval bancario ou realizar un depósito na conta do concello de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €).**

- **Queda concedida Licenza para levar a cabo as obras de Acometida á rede de servizo municipais de Abastecemento de Auga que deberá executarse coas seguintes condicións:**

- a. **Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de abastecemento.**

- b. **A acometida consistirá nunha tubaxe de polietileno de diámetro 32 mm (1”) en 16 atmósferas de presión, con collarín e banda de aceiro inoxidable,**

machón de en San Martiño de Abaixo deste Termo Municipal (Referencia Catastral 15038A502011320000DH) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto, bronce e válvula de cuadradillo de bronce e o enlace de latón para unir válvula con tubaxe de acometida.

c. Executarase unha arqueta non rexistrable de ladrillo macizo de dimensións aproximadas de 30cm x 30 cm, para aloxamento da válvula. A parte superior da arqueta executarase cunha lousa de formigón de espesor 4cm, cun orificio troncocónico (para impedir a caída da tubaxe de PVC ao interior da arqueta).

Sobre esta tapa encaixarase unha tubaxe guía cunha tubaxe de rexistro en PVC de 90 mm, serie C, ata 10 cm antes da rasante do pavimento, para que o rexistro non apoie no tubo guía. Como remate colocarase unha tapa de rexistro (de fundición de diámetro de 20 cm) enrasada co pavimento, con indicativo “Augas de Fisterra” e frecha de sentido de fluxo de auga.

d. Colocarase un contador homologado de 13 mm no límite entre o espazo público e o privado.

e. O interesado comunicarse coa empresa do servizo de abastecemento de auga e saneamento, para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

f. Unha vez rematadas as obras, a reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

• Queda concedida Licenza para levar a cabo as obras de Acometida á rede de servizo municipais de Saneamento que deberá executarse coas seguintes condicións:

a. Deberá informar ao Concello acerca do día de comezo das obras, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral de Entrada para que deste xeito a Empresa que leva o mantemento da rede municipal de abastecemento poida concretar xunto coa propiedade a zona na que se producirá o entronque coa rede de saneamento.

b. Existirá unha arqueta sifónica no interior do límite da propiedade para evitar olores e facilitar desatoamentos. A conexión na propiedade privada terán unha pendente mínima de 2%.

c. Dende a arqueta sifónica dispoñerase dun tubo de PVC sanitario liso, SN-4, de diámetro mínimo 160mm, recuberto perimetralmente con formigón, e con pendente comprendida en o 1% e o 6%. O tubo descenderá o máis recto posible, non permitíndose curvas d. A conexión de tubo de evacuación irá a pozo de rexistro, que de non existir deberá ser executado polo solicitante,

farase sempre por riba da xeneratriz do tubo da rede xeral que desemboca nese pozo. Ademais, a cota de saída na edificación será sempre superior á da tapa do pozo ao que se conecte.

Este pozo será prefabricado de formigón de 100 cm de diámetro interior, formado por soleira de formigón HA-25/P/40/l de 20 cm de espesor, lixeiramente armada, aneis de formigón en masa, prefabricados de borde machihembrado, e cono para formación de brocal do pozo, de 60 cm de altura, con peche de marco de tapa de fundición, selado de xuntas con morteiro de cemento e area de rúa M-15.

Nalgún caso, onde haxa xa pozos a distancias mais ou menos regulares na rede, e existindo arqueta de saída da vivenda e estando esta a pouca distancia do punto de entronque do colector coa rede xeral é innecesario facer outro pozo máis e podería conectarse directamente cun enlace de clip, segundo se determine na visita a realizar.

e. No caso de que o tubo do interior da propiedade quedase máis baixo que o da rede municipal, dispórase un pozo de bombeo en lugar da arqueta. O tubo de impulsión á rede municipal será de polietileno de alta densidade de 50-63 mm de diámetro, de acordo coas características técnicas da bomba. Sempre se instalarán válvulas antirretorno.

f. O tubo de saneamento discorrerá sempre por debaixo do abastecemento de auga, no caso de existir un cruzamento ou de discorrer paralelas ambas instalacións.

g. A reposición do firme farase co mesmo material que o pavimento orixinal.

h. Non se poderán conectar á rede pública de sumidoiros as augas pluviais, as cales terán que ser canalizadas cara á cuneta ou cara pozo filtrante dentro da parcela.

i. O interesado comunicarase coa empresa do servizo de saneamento de auga e saneamento para que por esta se efectúe a correspondente conexión ás redes públicas e para que, no caso de que a obra de acometida implique uso do solo ou subsolo de dominio público municipal, se executen ou dirixan as obras neste tramo pola dita concesionaria.

Queda practicada unha liquidación polo importe de Dous mil douscentos oito euros con corenta e nove céntimos (2.208,49 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de CEN MIL TRESCENTOS OITENTA E SEIS EUROS (100.386,00 €)."

A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co previsto no Artigo 12 do

Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Entender Transmitida dita Licenza Urbanística en favor de LUIS LOJO MOAR, aos efectos previstos no Artigo 13 do Decreto de 17 de Xuño de 1.955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.-

3) Notificar dito acordo ó citado promotor para o seu coñecemento e demais efectos, facéndolle saber que en aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo do Concello de Fisterra, dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

EXPEDIENTE : 2018 / U022/000021

CONCESION DA LICENZA : 27 Decembro de 2018

ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo non urbanizable de núcleos rurais Tradicionais (NRT)

PROMOTOR : LUIS LOJO MOAR

CONSTRUTOR : -----

DIRECTOR DE OBRA : Xoán B. Alborés Tajés, Arquitecto.

DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL: Juan Ramón Insua Redonda, Arquitecto Técnico .-

NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : Planta Baixa

USO : Vivenda Unifamiliar.

O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente Visible.

3º.- Asuntos varios.-

AXUDAS ECONÓMICAS PARA EMERXENCIA SOCIAL

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a A. T. D., veciña de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento cincuenta euros (150 €) para gastos de desprazamento á Unidade Asistencial de Drogodependencias de A Coruña, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a J. B. T. T., veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Trescentos euros (300 €) para gastos de primeira necesidade, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o **Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda conceder a J. A. G. G.**, veciño de Fisterra, unha axuda polo importe de Cento doce euros (112 €) para gastos de adquisición de óptica, ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- Visto o **Informe emitido por parte do Departamento de Servizos Sociais** que consta no expediente, a **Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes** **acorda DENEGAR** a petición de **Axuda Económica** formulada por parte de **F. C. C. D.**, veciña de Fisterra, para **reparación do tellado da súa vivenda, toda vez que da documentación obrante no expediente queda xustifico que a solicitante conta cos medios económicos necesarios para levar a cabo ditas obras sen que, polo tanto, poida considerarse como persoa necesitada para beneficiarse deste tipo de axudas.-**

MEDIO AMBIENTE

Á vista da proposta formulada e coa finalidade de mellorar a calidade medioambiental dentro deste Termo Municipal, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes **acorda :**

1) **Formalizar Convenio coa Empresa Bioucoilgreen S.L. con CIF B90320730 e domicilio social na Rúa Aranga, Parcela 2 Polígono Industrial Curtis, localidade de Teixeira, Termo Municipal de Curtis, Provincia de A Coruña, para proceder á recollida e transporte de aceite de cociña usado mediante a colocación de contenedores en vías urbanas, sen coste algún para esta Corporación e cunha duración de Cinco anos.--**

2) **Notificar este acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-**

3) **Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que no nome e representación desta Corporación, proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-**

FESTEXOS POPULARES

Á vista da proposta formulada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes **acorda :**

1) **Aprobar o gasto polo importe de Oitocentos corenta e sete euros (847,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido determinado no orzamento de data 6 de Marzo de 2019 que consta no expediente, coa finalidade de que por parte da Empresa ATOMO, ESTUDIO TÉCNICO S.L. con CIF B70302260 e domicilio social na Rúa Vila de Negreira, 52 Baixo da localidade de Carballo (CP 15100) sexan prestados os seguintes servizos co motivo da celebración das Festas do Santo Cristo de Fisterra :**

a) Redacción de Memoria Técnica do Evento (que describe as condicións técnicas e de seguridade apropiadas para garantir os dereitos do público asistente e de terceiros afectados, a convivencia veciñal e a integridade dos espazos públicos indicadas no Artigo 7 da Lei 10/2017 do 27 de Decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e que informe, se corresponde sobre as tramitacións paralelas sectorais que deberá tramitar o promotor).-

b) Designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución da Memoria anterior e que debe expedir as certificacións, actas ou informes que acredite a adecuación do espectáculo público aos requisitos esixibles.-

Dita Empresa deberá presentar Copia da Póliza da súa Responsabilidade Civil así como ó Código de Identificación Fiscal expedido pola Delegación de Facenda.-

2) Notificar dito acordo á citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos.-

VADOS PERMANENTES ALTAS

A) Visto o escrito presentado co número 660 (RE) de 14/3/2019, por **Felisa Díaz Rey**, no que solicita autorización para a instalar na parcela con referencia catastral 8214806MH7581S0001MU, un vado permanente de 3 metros de longo, que facilite a entrada e saída de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º **Conceder a Felisa Díaz Rey**, licenza para a instalación do vado permanente número **2/2019** (chapa número **133**) de 3 metros de longo, para unha superficie interior de ata 20 m², coa finalidade de facilitar a entrada e saída de vehículos do garaxe, condicionada a que:

a) Deberá instalar, na porta, fachada ou construción de que se trate, un disco de detención ou estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitado polo Concello, previo aboamento das taxas correspondentes.

b) Deberá rebaixar o bordo da beirarrúa en toda a anchura do vado, ata quedar a cota a 0,00 metros sobre a rasante da calzada. Para a execución de tales obras, así como, para o rebaixe da beirarrúa e reforzo dela, deberá solicitar o correspondente permiso de obras, tendo en conta que se repoñerá o pavimento existente na beirarrúa (baldosa, formigón, etc...), de xeito que non exista discontinuidade no pavimento do resto da beirarrúa.

c) Non se permite en ningún caso, colocar ramplas que ocupen a calzada.

d) As obras de execución do vao deberán realizarse de acordo coas condicións que se sinalen na licenza e en todo caso de conformidade co disposto na Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras, e o Decreto 35/2000, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

e) O titular está obrigado a:

-Manter en bo estado de conservación o espazo da vía pública obxecto da reserva e a súa sinalización, e a reparar os danos que lle cause.

-Sinalizar o vado de acordo coas prescricións que se recollen na ordenanza municipal.

-Comunicar ao concello, no prazo máximo de 15 días contados desde que se produza, calquera modificación das condicións e circunstancias que foran tidas en consideración no outorgamento da licenza.

-Incluilo no Padrón fiscal da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais por entrada de vehículos dende a vía pública aos edificios, locais e solares e das reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga, descarga, etc, para o ano 2019, cunha cota anual de **vintenove euros** (29,00 €).

- Efectuar no vado cantas obras ordinarias ou extraordinarias ordene o concello.

- Refacer o bordo e a beirarrúa unha vez expirado o periodo de tempo para o que foi outorgada a licenza, ou cando esta caducase, sexa anulada ou cando o titular solicite a súa finalización, como requisito previo en todos os casos para que sexa efectiva a conclusión da vixencia da licenza.

- Os usuarios do vado e demais espazos destinados a acceso de vehículos aos inmobles quedarán obrigados a respectar o tránsito peonil que terá, en todo caso, carácter preferente.

2º Deberá presentarse nas oficinas municipais coa finalidade de retirar a placa do vado e colocala nas inmediacións do vado permanente.

3º Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer

ACTIVIDADES CLASIFICADAS TRANSMISIÓN DE LICENZA DE APERTURA

A) Visto o expediente iniciado co número 675 (RE) de 15/3/2019 por Juan Manuel Martínez Insua, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura

de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa dos Mariñeiros, 7 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que o pasado 22/10/2015, a Xunta de Goberno Local concedíulle a Laura Vilela Canosa, licenza definitiva de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da rúa dos Mariñeiros, 7 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Laura Vilela Canosa e Juan Manuel Martínez Insua.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder a transmisión da licenza de apertura de “café bar” que se localiza no baixo da edificación da rúa dos Mariñeiros, 7 da localidade de Sardiñeiro de Abaixo deste termo municipal, a favor de Juan Manuel Martínez Insua.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:15 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.